

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de xullo de 2021**

Ás 17.30 horas do día 22 de xullo de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE XUÑO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xuño de maio de 2021.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 17 de xuño de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** intervén para contestar unha pregunta do Grupo Socialista pendente da sesión anterior, relativa aos gastos do stand que instalou o INORDE en Fitur. Aclara que os gastos do dito stand correron a cargo da Xunta de Galicia, polo que o importe do gasto foi cero.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta se hai algunha novidade respecto á apertura dos espazos termais na provincia e á afectación que poden ter pola normativa aprobada pola Xunta de Galicia.

A **presidenta da comisión** contesta que esta mesma mañá falou co director da Área de Benestar da Deputación e que polo de agora non existe ningunha novidade nin problema ao respecto.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, sinala que estes días se coñeceu a través da prensa que as catas que se están realizando no Pazo Provincial está dando bos resultados e que xa hai ata seis grupos empresariais interesados no futuro hotel balneario, polo que solicita que se informe sobre este asunto.

A **presidenta da comisión** indica que as obras das catas se están executando ao igual que os estudos sobre a calidade e caudal das augas e que aínda non hai resultados definitivos. Engade que en cando existan os ditos resultados definitivos informará á comisión.

E, ás 17.35 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

